



Xaneiro 2018

# Boletín Cantus

Boletín trimestral



ESPAZO ESCÉNICO  
Salón de Actos do Centro  
Social Polivalente de Brión

ÁREA DE PRODUCCIÓN

## A Axenda Artística para o segundo trimestre traerá unha programación moi variada

A **Escola Municipal de Música Magariños** do Concello de Brión presenta para o segundo trimestre unha programación musical moi variada e intensa.

A Escola a través do departamento de produción, ofrece un trimestre cunha selección de espectáculos a cargo das distintas especialidades do centro que quere seducir ao público e estimular o gusto pola música; unha oferta ecléctica que combina os diferentes estilos musicais e pon especial atención na presentación novos talentos emerxentes no Concello de Brión.

### BRIÓN OPEN MUSIC '18

Brion Open Music '18 se inclúe como o I Festival de Música Modernas. Esta nova

aposta da Escola Municipal de Música nace como unha oferta aberta a músicas modernas que o centro dende varios anos traballa cun itinerario e cunha programación de repertorio moi diversa

### VIII CONCERTO DE ENTROIDO

O alumnado de Música e Movemento e Conxunto Coral II nos farán chegar a música ao Entroido 2018. Celebrarase o vindeiro 9 de febreiro.

### V CICLO VENRES MUSICAIS '18

Unha nova edición dos Venres Musicais '18. Ciclo dedicado ao instrumentos polifónicos da oferta da Escola Municipal de Música Magariños. O ciclo terá como espazo escénico a Sala de Exposicións Municipal da

Casa da Cultura e se desenvolverá cos alumnado de piano e guitarra o 23 de febreiro e 13 de abril.

### VIII FESTIVAL DE MÚSICA DE CÁMARA | FECAM 2018

Como todos os anos a finais do segundo trimestre, ten lugar en Brión o Festival de Cámara (FECAM). Por medio do FECAM de Brión se pretende estender a música entre o público máis amplo que acude a este tipo de concertos.

Durante tres días, os veciños de Brión poderán escoitar música de cámara traballada polo alumnado ao longo do curso.

## Contidos

- Concerto inaugural a cargo da formación OuKlar ..... 1
- Nova edición trimestral do Boletín Cantus..... 1
- IX Xornadas Musicais Santa Cecía dedicadas ao xénero chico ..... 2
- Nova Edición do Festival de Outono da Escola de Música ..... 2
- O VI Concerto de Nadal pecha a programación do primeiro trimestre ..... 3
- Audicións do primeiro trimestre... 3
- A Axenda Artística para o segundo trimestre traerá unha programación moi variada ..... 4

ÁREA DE COMUNICACIÓN

## Nova edición trimestral do Boletín Cantus

A Escola Municipal de Música Magariños volve editar o **Boletín CANTUS**. Un boletín trimestral que pretende chegar aos veciños e veciñas de Brión as novas e actividades do centro.

Despois de varios anos dende a última publicación, o **Boletín CANTUS** ven para informar de todo aquilo relevante no día a día da Escola Municipal de Música Magariños do Concello de Brión. O **Boletín CANTUS** será unha canle de comunicación para facer fincapé das actividades máis importantes levadas a cabo polo centro.



SALA DE CONCERTOS

## Concerto inaugural a cargo da formación OuKlar

A **Escola Municipal de Música Magariños** iniciou o curso 2017/2018 cun concerto a cargo **OuKlar**. Cuarteto de recente formación creado por catro mozos clarinetistas de Ourense unidos polo seu pasado común, na etapa de formación académica, e as súas ganas de facer música xuntos.

Entre todos, engloban experiencias en ámbitos moi variados, pasando pola participación en numerosas bandas de música populares e profesionais de toda Galicia, ata a música de cámara máis íntima, orquestra sinfónica, dirección de bandas e música contemporánea.

Experiencias que achegaron unha intención de abarcar moitos estilos diferentes e por outro lado, ser capaces de transmitir e facer chegar ós oídos da xente, todas esas pinceladas de tan distinta procedencia e que tanto nos poden facer gozar.

Neste concerto nos fixeron viaxar un pouco por diferentes estilos e épocas, interpretando obras de compositores tan dispares como: Amilcare Ponchielli, Vittorio Monti, Astor Piazzolla ata chegar á terra có clarinetista e tamén compositor galego Simón Couceiro. Tamén nos achegarán á música popular de distintos recunchos do mundo.

ÁREA DE DIVULGACIÓN



## IX Xornadas Musicais Santa Cecia 2017 adicadas ao xénero chico

A Escola Municipal de Música Magariños do Concello de Brión organiza a novena edición das Xornadas Musicais Santa Cecia, dedicadas este ano ao xénero chico: a zarzuela.

Arrancaron o día 21 de novembro na Aula 5 da Escola de Música coa filmación da Virxe da Paloma. Ao día seguinte tivo lugar unha charla coloquio sobre a Virxe da Paloma a cargo do profesor Francisco Javier Álvarez Mata.

Tratase dun sainete lírico nun acto, con música do compositor Tomás Bretón e o libreto orixinal de Ricardo da Vega, que foi estreado con gran éxito no Teatro Apolo de Madrid, o 17 de febreiro de 1894.

Baixo o subtítulo de 'El boticario y las chulapas y celos mal reprimidos', a escena transcorre en Madrid, no mes de agosto, durante as festas patronais en honor a Virxe da Paloma. A trama argumental se sitúa nos barrios populares da capital, e por ela desfilan unha inesquecible galería de personaxes arquetípicos, como as chulapas e chulapóns, os castizos, o boticario, o sereno, o taberneiro ou os gardiás.

SALA DE CONCERTOS

## Nova edición do Festival de Outono da Escola de Música

O pasado 3 de novembro celebrouse o III Festival de Outono da Escola Municipal de Música Magariños do Concello de Brión. A cita tivo como escenario o Salón de Actos do Centro Social Polivalente ás 20:00 horas.

Esta nova edición puxo enriba do escenario ao alumnado de vento-metal, vento-madeira e de percusión.

O Festival de Outono naceu no curso 2015/2016 para crear un espazo reservado á interpretación de instrumentos de vento e percusión presentes na oferta da Escola Municipal de Música Magariños. Orientado a crear un vehículo fundamental para integrar a música de instrumentos de vento e percusión e poñer en práctica unha serie de aspectos técnicos e musicais.

A práctica dun instrumento de vento e percusión cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical, en todos os seus aspectos que neste festival se quere poñer enriba do escenario.

O concerto comezou no escenario cunha

peza da banda musical do filme Piratas do Caribe a cargo da agrupación de percusión da Escola. A continuación, no escenario continuaron pezas de J.S Bach, Anton Dvórák e outras grandes mestres da historia da música, interpretados por dúos, tríos, cuartetos, quintetos e incluso sextetos de saxofóns, frautas e tamén instrumentos de percusión.

O concerto foi pechado pola Brass Band Brión, agrupación de vento-metal que conta con máis de dez membros en instrumentación coma trombóns, trompas, tubas, bombardinos como tamén trompetas.

O III Festival de Outono foi todo un éxito de público que encheu o Salón de Actos do Centro Social Polivalente de Brión para gozar do alumnado da Escola Municipal de Música Magariños do Plan Educativo Xeral (PEX) como tamén do Plan Educativo de Adultos (PEA). O alumnado pertence ao Niveis Académicos II, III e IV en todos os itinerarios (clásico, moderno e tradicional).



ÁREA DE PRODUCCIÓN

## Audicións do primeiro trimestre

As audicións correspondentes ao primeiro trimestre deste curso 2017/2018, tiveron lugar entre o 27 de novembro e o 1 de decembro.

Unha semana onde o alumnado tivo a ocasión de poñer en valor o traballo feito ao longo do primeiro trimestre diante do profesorado que avaliou os avances de cada alumno.

As audicións tiveron a seguinte xornada en función do nivel e curso de cada alumno do Plan Educativo Xeral (PEX):

**Luns, 27 de novembro**  
Audición Instrumental  
Alumnado de 11, 12 e 13 anos

**Martes, 28 de novembro**  
Audición Instrumental  
Alumnado de 8, 9 e 10 anos

**Mércores, 29 de novembro**  
Área de Música e Movemento  
Alumnado de 3, 4 e 5 anos

**Xoves, 29 de novembro**  
Audición Instrumental  
Alumnado de 14 anos en diante

**Venres, 1 de decembro**  
Área de Música e Movemento  
Alumnado de 6 e 7 anos

As audicións se celebraron na Aula 5 da Escola Municipal de Música Magariños no que os alumnos interpretaron un peza de carácter individual agás o alumnado da área de Música e Movemento. Estes alumnos interpretaron pezas de carácter colectivo nos eidos instrumentais, vocais como tamén de danza.

SALA DE CONCERTOS



## O VI Concerto de Nadal pecha a programación do primeiro trimestre do curso 2017/2018

O 21 de decembro e como peche do primeiro trimestre tivo lugar o VI Concerto de Nadal a cargo do alumnado da Escola Municipal de Música Magariños.

Nesta edición do 2018 estivo a interpretado na súa totalidade polo alumnado da área de Música e Movemento que dirixe a profesora Elisa Costoya Rodríguez.

O Salón de Actos do Centro Social Polivalente encheu o patio de butacas para gozar dos artistas máis pequenos.

O concerto comezou co alumnado de Pre-Iniciación Musical de 3 anos. A peza que interpretaron foi *Rodolfo o reno*.

A continuación subiron ao escenario os alumnos e alumnas de Música e Movemento 2º de catro anos. Nesta ocasión, a peza de repertorio foi *O coro da granxa*.

Finalmente, o escenario encheuse de artistas de Música e Movemento de 4º e Música e Movemento 5º.

A primeira peza estaba conformada pola membros da Orquestra Infantil á que están adscritos ao alumnado de 6 e 7 anos. A peza que desenvolveron foi *Malaika* cun carácter eminentemente instrumental e vocal.

Para rematar o concerto os alumnos de Música e Movemento de 4º e 5º deleitaron ao público cunha peza coreográfica de Mariah Carey *All I want for Christmas is you*.

